

ACORDOS DA COMISIÓN DE TÍTULO DE MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSICOXERONTOLOXÍA DA USC, 2019-20

10 DE SETEMBRO DE 2019 (Ordinaria)

Orde do día:

- 1) Lectura e aprobación, se procede, das actas de reunións anteriores
- 2) Informe do Coordinador
- 3) Inicio do curso 2019-20.
- 4) Intervencións libres

Asistentes:

David Facal Mayo; Fernando Díaz Fernández; Onésimo Juncos; M. Lourdes Mirón Redondo; Arturo X. Pereiro Rozas (excusa a súa asistencia por atoparse en estadía de investigación fora da USC; Montserrat Zurrón Ocio.

Acordos adoptados:

1. Aprobación do informe solicitado . Aprobase as actas das reunión anteriores.
3. Iniciarase o curso na data oficial con 7 alumnas matriculadas e unha pendente da súa matrícula por ter presentado o TFG na convocatoria de setembro e que asistirá as clases aínda que non esté oficialmente matriculada; total 8 alumnas.

12 DE FEBREIRO DE 2020 (Extraordinaria)

Orde do día:

Punto único: Aprobación da PDA do Master en Psicoxerontoloxía Curso 2020-21

Asistentes:

David Facal Mayo; Fernando Díaz Fernández; Onésimo Juncos; M. Lourdes Mirón Redondo; Arturo X. Pereiro Rozas; Lucía Pérez Blanco (representante alumnas); José Rocha Citoula; Montserrat Zurrón Ocio.

Acordos adoptados:

Revisado o documento de PDA do Master en Psicoxerontoloxía, enviado polo Servizo de Organización Académica da USC, a Comisión académica do título propón a seguintes modificacións:

1. Cambiar a distribución docente por áreas na Materia Obrigatoria P2171101, Envellecemento e desenvolvemento persoal e emocional.

Actualmente figura a seguinte distribución: Área e Dto. Psicoloxía Evolutiva e da Educación: 3 horas Expositivas, 0 horas Interactiva/Seminario; e Área externa (profesor da Universidade de Barcelona): 6 horas Expositivas, 12 horas Interactivas.

Propónse a seguinte distribución: Área e Dto. Psicoloxía Evolutiva e da Educación: 9 horas Expositivas, 12 horas Interactiva/Seminario; e eliminar área externa porque a participación do profesor da Universidade de Barcelona non é posible.

2. Cambiar a distribución docente por áreas na materia troncal P2171105, Avaliación e intervención funcional e cognitiva.

Actualmente figura a seguinte distribución: Área e Dto. Psicoloxía Evolutiva e da Educación: 9 horas Expositivas, 12 horas Interactiva/Seminario, 1 hora Titoría.

Propónse a seguinte distribución: Área e Dto. Psicoloxía Evolutiva e da Educación: 9 horas Expositivas, 8 horas Interactiva/Seminario, 1 hora Titoría; Área externa, profesor profesional externo (Pedro Santamaría Gargamala, Psicoxerontólogo, Centro de día Net-Avó, Vigo) 4 horas Interactivas/Seminario. O motivo é incluír na docencia interactiva a un profesional relevante, con experiencia na intervención funcional e cognitiva.

3. Cambiar a distribución docente por áreas na materia optativa P2171203, Intervención en demencias.

Actualmente figura a seguinte distribución: Área e Dto. Psicoloxía Evolutiva e da Educación: 9 horas Expositivas, 9 horas Interactiva/Seminario, 1 hora Titoría; e Área externa, profesor profesional externo : 0 horas Expositivas, 3 horas Interactivas.

Propónse a seguinte distribución: Área e Dto. Psicoloxía Evolutiva e da Educación: 9 horas Expositivas, 8 horas Interactiva/Seminario, 1 hora Titoría; Área externa, profesor profesional externo (Dr. José Caamaño, Xeriatra da Residencia A Veiga, Láncara, Lugo) 4 horas Interactivas/Seminario. O motivo deste cambio é adaptar as horas interactivas aos módulos horarios que son de dúas horas.

4. Ofertar a materia optativa P2171205, Psicología da morte e o dó, que actualmente so é ofertada nas Universidades de Barcelona e Valencia. O motivo da oferta é que é unha materia solicitada polo alumnado, e ao non ser impartida na USC os/as alumnos/as que desexan cursala deben marchar ás outras universidades. A distribución que se propón é a seguinte: Área e Dto. Psicoloxía Evolutiva e da Educación: 9 horas Expositivas, 12 horas Interactiva/Seminario, 1 hora Titoría.

27 DE ABRIL DE 2020 (Ordinaria)

Orde do día:

- 1) Lectura e aprobación da acta da sesión anterior
- 2) Avaliacións: Segunda oportunidade materias primeiro e segundo semestre. Presentación dos TFM (medidas extraordinarias polo estado de alarma Covi-19)
- 3) Prácticas externas. Realización e avaliación (medidas extraordinarias polo estado de alarma Covi-19).
- 4) Aprobación se procede do Informe de seguimento 2019 do Master.
- 5) Rolda aberta de intervencións.

Asistentes:

Fernando Díaz Fernández; David Facal Mayo; Onésimo Juncos; M. Lourdes Mirón Redondo; Arturo X. Pereiro Rozas; Lucía Pérez Blanco (representante alumnas); José Rocha Citoula (disculpa asistencia); Montserrat Zurrón Ocio

Acordos adoptados:

1. Aprobación da acta da reunión anterior

2. Non procede facer avaliacións de segunda oportunidade, por non haber suspensos nas materias do primeiro semestre e porque nas materias do segundo semestre se fixo avaliación continua e non hai suspensos.

En canto a presentacións dos TFM, o coordinador informa do acordo da Comisión académica interuniversitaria de manter as datas de Xullo e Setembro e de manter as presentacións ante comisións, porque o número de alumnas permite organizar a participación do profesorado como membros das mesmas. Aceptase este acordo por unanimidade.

Acordase facer as presentacións por video-conferencia, utilizando os sistemas habilitados pola USC.

Acordase manter as dúas modalidades de Proxecto de intervención e Proxecto de Investigación contempladas na Guía da materia.

3. O coordinador informa que a Comisión Interuniversitaria acordou manter o sistema de prácticas externas con presencialidade nos centros cunha duración mínima do 50% das horas, e que se aplace a súa execución todo o que sexa posible dentro do ano natural. Ratifícase este acordo e acordase que a decana do Centro traslade ao Vicerrectorado correspondente a petición de que o periodo de realización poida ser extenderse todo o posible dentro do ano natural.

4. Aprobese o Informe de seguimento 2019 do Master en Psicoxerontoloxía incorporado no Informe Xeral da Facultade de Psicoloxía

5. A decana M^a Lourdes Mirón informa de que a USC ten abertas axudas económicas para os estudantes que necesiten mellorar as conexións por Internet e pide á representante das alumnas que informe desta opción ás súas compañeiras

2 DE XULLO DE 2020 (Ordinaria)

Orde do día:

1) Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.

2) Aprobación dos horarios para o curso 2020-21

3) Estado actual das Prácticas externas, e presentacións de TFM nas convocatorias de xullo e setembro.

4) Proposta de novo coordinador do Master e proposta de nova incorporación á Comisión Académica.

5) Rolda aberta de intervencións

Asistentes:

Fernando Díaz Fernández; David Facal Mayo; Onésimo Juncos; M. Lourdes Mirón Redondo; Arturo X. Pereiro Rozas; Lucía Pérez Blanco (representante alumnas); José Rocha Citoula (disculpa asistencia); Montserrat Zurrón Ocio

Acordos adoptados:

1. Aprobación da acta da reunión anterior.

2. Aprobación dos horarios presentados polo coordinador tendo en conta a previsión de matrícula e o escenario de docencia presencial plantexado pola Facultade de Psicoloxía

3. Prácticas Externas. Manterase o contacto cos centros para comprobar a súa dispoñibilidade de aceptar as alumnas no período das prácticas, que segundo a Instrucción correspondente da USC pode prolongarse ata finais de novembro. Os Centros de Agadea, xa aceptaron reanudar as prácticas desde o día 1 de xullo; as dúas alumnas destinadas a estes centros xa aceptaron tamén a reanudación.

Traballo fin de Master. En xullo presentarán os seus TFMs as seguintes alumnas: Domínguez Barcala María Cristina, Gorostidi Gallastegi Ismene, López González Lucía, Pérez Blanco Lucía, Lago Priego Noelia, Lis Gregorio Rosalía; e en setembro, Dopazo Iglesias Noelia. Aprobouse a solicitude da alumna Ameal Cores Silvia de acollerse ao alongamento especial de prazo (ata finais de novembro). A súa solicitude será enviada ao Decanato para que poida ser tramitada no prazo correspondente.

Atendendo a estas propostas acordouse adaptar as datas de defensa dos TFM.

4. O coordinador Onésimo Juncos Rabadán informa do seu cese como coordinador e como membro da Comisión Académica o día 31 de agosto, data da súa xubilación; e propón como coordinador de Comisión Académica da USC ao profesor David Facal Mayo; tamén propón como nova integrante da CA á Cristina Lojo Seoane, profesora do Dto. de Psicoloxía Evolutiva e da Educación que tendrá asignación de docencia no Master segundo a proposta de POD do seu departamento. Aceptáronse as dúas propostas por unanimidade.

5. Rolda aberta de intervencións.

O profesor David Facal Mayo, manifesta o recoñecemento e agradecemento ao profesor Onésimo Juncos Rabadán polo seu labor como coordinador e docente no Master de Psicoxerontoloxía dende o seu inicio. Todos os asistentes se suman a este recoñecemento e agradecemento. O profesor Onésimo Juncos Rabadán manifesta o seu agradecemento a todos os membros da Comisión Académica e recoñece que para él foi un honor e unha satisfacción ter feito de coordinador do Master.